



Curso de atención xurídica
a vítimas de violencia de xénero

2020



PREMIO
MENINAS
2020

Este curso vai dirixido e dedicado ás avogadas e aos avogados que forman parte da Quenda de Oficio especializada na asistencia a mulleres obxecto de violencia de Xénero.

Todos eles foron recoñecidos polo Goberno de España, a proposta da Delegación do Goberno en Galicia, cos Premios Meninas 2020 polo seu compromiso coa eliminación da violencia contra as mulleres.

Noraboa a todos/as



ÍNDICE

| | |
|--|-----------|
| Presentación | 3 |
| Memoria | 3 |
| Características do curso | 7 |
| Obxectivos do curso | 7 |
| Matriculación e inscricións | 8 |
| Título | 8 |
| Certificación académica | 8 |
| Equipo de redacción | 9 |
| Comisión de Formación do Consello da Avogacía Galega | 9 |
| Como estudar este curso | 10 |
| Foro | 11 |
| Programa do curso | 12 |

Presentación

Segundo o artigo 20 da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, os Colexios de Avogados, cando esixan para o exercicio da quenda de oficio cursos de especialización, asegurarán unha formación específica que coadxuveao exercicio profesional dunha defensa eficaz en materia de violencia de xénero.

O artigo 30 do Regulamento de Xustiza Gratuíta de Galicia (Formación y especialización), expresa que se garantirá que a asistencia xurídica e defensa en xuízo de mulleres vítimas de violencia de xénero a leven a cabo avogados especializados.

A violencia sobre a muller é un problema que afecta gravemente á sociedade e os profesionais da avogacía deben estar preparados para atender á defensa e protección da vítima.

É por tanto un deber ineludible dos colexios fornecer esa formación, o cal é máis necesario logo das reformas lexislativas recentes, que é preciso integrar e analizar desde un punto de vista didáctico.

Memoria

O “Curso de violencia sobre a muller” foi elaborado a partir dun programa aprobado polo CGAE (Consejo General de la Abogacía Española) e redeseñado pola Comisión de Formación do Consello da Avogacía Galega.

Como os demais cursos que se imparten na aula virtual do Consello da Avogacía Galega, a súa intención é a de poñer ao dispor dos letrados e letradas a información precisa para o exercicio profesional neste eido, en forma de “manual de uso”, accesible 24 horas ao día, 365 días ao ano.

Os materiais utilizados para a súa elaboración forman parte dun completo repositorio de documentos: normas, sentenzas, informes, artigos, manuais, guías, estatísticas, etc. Son documentos usados ou producidos por órganos e institucións dedicados á loita contra a violencia sobre a muller, ao estudo da lei e á mellora da praxe profesional. Moitos deles foron facilitados pola **Subcomisión de violencia de xénero do CGAE**, que é un órgano permanente cunha intensa actividade de estudo e análise do labor da avogacía neste eido. Algúns deses materiais son inéditos.

A elaboración do curso respondeu a un longo e complicado proceso desenvolvido ao redor dun ano, pois a materia e, en especial, a LO 1/2004, de medidas de protección integral da muller vítima da violencia de xénero, foi profundamente afectada en 2015 por diversas e sucesivas leis estatais e autonómicas:

- Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, de reforma do Código penal.
- Lei 4/2015, de 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito.
- Lei Orgánica 5/2015, de 27 de abril, pola que se modifican a Lei de Axuizamento Criminal e a Lei Orgánica do Poder Xudicial.
- Lei 5/2015, de 2 de xullo, da Xurisdición Voluntaria.
- Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de protección da infancia e da adolescencia.
- Lei 26/2015, de 28 de xullo, de protección da infancia e da adolescencia.
- Lei 41/2015, de 5 de outubro, de modificación da Lei de Axuizamento Criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais.
- Lei 42/2015, de 6 de outubro, de reforma da Lei de Axuizamento civil
- Decreto lexislativo autonómico 2/2015, que aproba o Texto Refundido das normas en materia de Igualdade.
- Real Decreto-Lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado polo Congreso-Senado en 2017.
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Real Decreto-Lei 6/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.
- Regulamento (UE) 2019/1111 do Consejo, de 25 de xuño de 2019, relativo á competencia, o recoñecemento e a execución de resolucións en materia matrimonial e de responsabilidade parental, e sobre a subtracción internacional de menores, que substitúe ao Regulamento 2201/2003, e que se aplicará a partir del 1 de agosto de 2022.

- Lei autonómica 8/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto autonómico 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento

Esta hiperactividade legislativa supuxo un esforzo importante de sistematización. No fundamental o curso reflicte con fidelidade o dereito positivo.

O proceso de redacción consistiu en recoller e depurar os materiais da primeira edición do curso, de 2016, incorporando novas normas e documentos, coma o Pacto de Estado, a Lei de igualdade, protocolos de actuación e as guías de actuación publicadas tanto polo Consejo General de la Abogacía Española como polo Consejo General del Poder Judicial, os Observatorios Estatal e Autonómico para a loita contra a violencia de xénero (nos que a avogacía estatal e a galega forman parte, respectivamente) etc.

As guías referidas son as seguintes:

- Guía práctica para a avogacía: Detección e defensa de vítimas de trata. Fundación Abogacía Española. 2015
- Guía de boas prácticas da avogada/o da muller vítima de violencia de xénero, subcomisión de violencia sobre a muller do Consejo General de la Abogacía Española. Febreiro 2017.
- Guía do Consejo General del Poder Judicial, de boas prácticas para a toma de declaración de vítimas de violencia de xénero. Novembro 2018.
- Guía do sistema de acción e coordinación en casos de violencia de xénero en España, realizada pola Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero, dependente da Secretaría de Estado de Igualdade. Xullo 2019.

O traballo de documentación e sistematización e redacción do documento básico correu a cargo de Sergio Aramburu, Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega, que ademais é o coordinador do Curso; Patricia López Grela, secretaria técnica do Colexio de Avogados de Ferrol, quen xa interviñera na redacción da anterior edición do curso e Iria Rodríguez Fidalgo, letrada do Consello da Avogacía Galega.

O traballo das persoas redactoras foi peneirado, revisado e corrixido polas catro titoras deste Curso, que son:

Asunción Álvarez Lois, responsable da comisión de violencia de xénero do Ilustre Colexio de Avogados de Vigo

Gema Rial Rodríguez, responsable da comisión de violencia de xénero do Ilustre Colexio de Avogados de Pontevedra

Beatriz Núñez Vázquez, responsable da comisión de violencia de xénero do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña

Todas son integrantes da Subcomisión de violencia de xénero do Consejo General de la Abogacía Española e asesoras do Consello da Avogacía Galega na materia

Begoña Riveira Barros, letrada de longa experiencia neste eido, e ex directora do Centro autonómico de Emerxencias para mulleres vítimas de violencia de xénero, incorpórase tamén coma titora, cuxa aportación sen dúbida reforza a garantía de rigor do que a materia é merecente.

O curso preséntase tanto en formato interactivo (SCORMS) como en PDF. Tamén se presenta en dúas versións, castelán e galego, o que ten suposto un importante esforzo de tradución e cotexo dos materiais dunha lingua e outra, segundo as fontes utilizadas. Con esta novidade satisfacemos unha vella aspiración da aula formativa do Consello, de permitir que cada letrado/a poida formarse na lingua cooficial que lle sexa máis cómoda, sen impoñer unha lingua vehicular determinada.

Ademais, por primeira vez os textos complementarase con conferencias en liña (webinars), que irán programándose ao longo do curso

Esperamos que o Curso sexa acollido con agrado polos letrados e letradas galegos, e que sexa da maior utilidade para a defensa das mulleres vítimas de violencia de xénero, que son, en última instancia, as beneficiadas por esta iniciativa formativa.

Características do curso

Organiza: Consello da Avogacía Galega, en colaboración cos Colexios da Avogacía de Galicia.

Coordina: Secretaría Técnica CAG.

Dirixido a: profesionais da avogacía galega.

Modalidade: en liña, ou E-learning, na web <http://avogacia.gal/formacion>.

Versións lingüísticas dos materiais do curso: castelán e galego.

Lingua da plataforma: castelán ou galego, configurable por cada usuario/a no seu perfil.

Número de horas lectivas: 300.

Lugar de matrícula: na aula virtual do Consello da Avogacía Galega.

Prezo: gratuíto para colexiados/as exercentes, non exercentes e alumnos/as do Máster de acceso á avogacía.

Superación do curso: para a obtención do certificado é obrigatoria a superación de todos os cuestionarios correspondentes aos módulos teóricos en liña.

Sobre o prazo de inscrición e a data de remate do curso

Este curso permanecerá sempre accesible, como o resto dos cursos do Consello. Estará en continua actualización, incorporando as modificacións que se publiquen con posterioridade a súa apertura.

Por ese motivo, non haberá data límite nin para a inscrición nin para a consecución do diploma. Isto permitirá que os letrados/as de recente colexiación poidan incorporarse ao curso sen ter que esperar a unha nova edición. Non obstante, o Consello poderá limitar temporalmente as inscricións por motivos técnicos ou de reforma de contidos, e implantar con carácter complementario actividades de reciclaxe ou actualización para o caso de que os colexios esixan a actualización de coñecementos (formación continua)

Obxectivos do curso

O obxectivo do presente curso é o de preparar aos avogados e avogadas, en especial aos pertencentes ás listaxes da quenda de oficio dos colexios da avogacía, para que poidan exercer a defensa das mulleres vítimas da violencia de xénero.

Matrícula e inscricións

A matrícula realizarase polos propios interesados a través da Aula virtual do Consello da Avogacía Galega <http://avogacia.gal/formacion>.

A auto matrícula dará acceso inmediato aos contidos do curso.

Se a persoa interesada non está previamente inscrita na Aula Virtual do Consello da Avogacía Galega, poderá facelo por si mesma. Nese caso, o Consello comprobará os datos co Colexio ao que pertenza, e unha vez autorizada, poderá matricularse no curso.

Se a persoa interesada xa está inscrita na Aula Virtual do Consello, pero non recorda os datos de acceso, poderá obtelos no sinxelo formulario de recuperación de contrasinal.

Título e certificación académica

O curso está homologado pola Comisión de Formación do Consello da Avogacía Galega. Ao superarse o curso, o/a usuario/a recibirá un diploma que o habilitará para a inscrición nas listaxes especiais de violencia sobre a muller da quenda de oficio dos colexios da avogacía de Galicia.

Cando se teña completado o estudo de todos os módulos teóricos en liña e superados os cuestionarios de autoavaliación, poderase descargar automaticamente e imprimir, se así o desexa, un certificado cun código que garantirá a súa autenticidade.

A formación impartida polo Consello da Avogacía Galega, salvante que se exprese o contrario, non ten carácter regrado fora do eido profesional, e por tanto, pode non computar como mérito en concursos e oposicións oficiais.

Equipo de redacción

| Persoa | Tarefa |
|---|---|
| ARAMBURU GUILLÁN, SERGIO AVOGADO, Secretario técnico do Consello da Avogacía Galega e Secretario da Comisión de Formación. | Coordinación do curso Documentación, sistematización e redacción |
| LÓPEZ GRELA, PATRICIA AVOGADA, Secretaria técnica do Ilustre Colexio de Avogados de Ferrol | Documentación, sistematización e redacción |
| RODRÍGUEZ FIDALGO, IRIA AVOGADA, asesora xurídica do Consello da Avogacía Galega | Documentación, sistematización e redacción |
| ÁLVAREZ LOIS, ASUNCIÓN AVOGADA, responsable da Comisión de Violencia de Xénero do Ilustre Colexio de Avogados de Vigo | Revisión e completión de contidos |
| NÚÑEZ VÁZQUEZ, BEATRIZ AVOGADA, responsable da Comisión de Violencia de Xénero do Ilustre Colexio Provincial de Avogados da Coruña | Revisión e completión de contidos |
| RIAL RODRÍGUEZ, GEMA AVOGADA, responsable da Comisión de Violencia de Xénero do Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Pontevedra | Revisión e completión de contidos |
| RIVEIRA BARROS, BEGOÑA AVOGADA, ex directora do Centro Autonómico de Emerxencias e especialista na materia | Documentación, sistematización e redacción |
| PAJÓN JACOBE, VERÓNICA DOCUMENTALISTA, xestora de formación do Consello da Avogacía Galega | Coordinación e maquetación |
| BOUZA HERNÁNDEZ, EVA ADMINISTRATIVA, xestora de formación do Consello da Avogacía Galega | Xestión de materiais e maquetación |
| MÍGUEZ NOVOA, BENXAMÍN Licenciado en historia e Diplomado en ciencias da Educación | Revisión lingüística, ilustración de contidos e montaxe de SCORMs |


Comisión de Formación do Consello da Avogacía Galega

A Comisión de Formación do Consello da Avogacía Galega está formada por:

- D^a. Lourdes Carballo Fidalgo**, Decana de ICA Vigo, Presidenta da Comisión
- D. Ramón Jáudenes López de Castro**, Decano de ICA Pontevedra e presidente do Consello
- D. Félix Mondelo Santos**, Decano do ICA Lugo
- D. Luís Torres Foira**, Decano do ICA Ferrol e vicepresidente do Consello

Como estudar este curso

A actividade formativa será ofrecida mediante o uso da plataforma Moodle. Temas, lexislación e abundante material de apoio, en permanente actualización. Ademais, prestarase titoría en liña cos coordinadores do curso mediante un sistema de foros.



Ao entrar na plataforma, pódense visualizar os diferentes módulos organizados por pestanas. O material pódese visualizar a través de presentacións interactivas ou de documentos en PDF.

É importante realizar unha lectura comprensiva dos temas e completar o estudo co material adicional antes de realizar os cuestionarios de avaliación. Ao final de cada tema, o alumno poderá avaliar o seu avance co correspondente cuestionario de autoavaliación, cuxa corrección verá na plataforma de forma inmediata.

Como acontece cos demais cursos impartidos na plataforma, prevéase que os contidos poidan ser actualizados, co fin de mellorar ou complementar os coñecementos. Nese caso, comunicárase oportunamente.

O temario complementarase cun programa de webinars en colaboración cos Colexios da Avogacía.

Foro

Os foros son unha **ferramenta de debate** onde os estudantes e o seu titor(a) poden ter conversacións extensas sen necesidade de estar conectados ao mesmo tempo para levar a conversación.

É a través dos foros onde se producen os debates e discusións dos temas do curso. É unha parte esencial para o desenvolvemento do curso e un espazo onde se poden resolver dúbidas, cambiar impresións sobre os contidos e consultar as dificultades que cada un atope.

O alumno dispón dun foro xeral do curso na zona xeral de contidos; aquí o titor poderá, por exemplo, propor temas de discusión relacionados con conceptos do programa teórico e con temas de actualidade. É importante a participación do alumno, compartindo opinións, propoñendo temas de debate, etc.



Foro Xeral do Curso



Novidades

Ademais do foro xeral, o alumno poderá acceder ao foro de novidades. A diferenza do primeiro, o uso deste quedará reservado a administradores e formadores do curso. Nel publicaranse novidades de interese para o alumnado, como actualización de contidos, publicación de novas de actualidade e outros recursos que se consideren relevantes.

*****Na plataforma está publicado un sinxelo manual de uso no que se explica como navegar pola aula virtual e como utilizar os recursos dispoñibles.***

Programa do curso

Módulo 1. A violencia de xénero

Tema 1. Introducción

1. Formulación
2. O concepto de xénero
3. A perspectiva de xénero no ordenamento xurídico
4. O concepto de violencia de xénero
5. Tipos de violencia de xénero
6. Datos e cifras
7. Factores de risco
8. Consecuencias
9. Medidas: Prevención e resposta

Módulo 2. Normativa. Estatuto xurídico da vítima

Tema 2. A Lei Orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia dexénero

1. Antecedentes e reformas fundamentais
2. Análise da norma
3. Introducción de medidas de sensibilización, prevención e detección da violencia de xénero
4. Dereitos recoñecidos na Lei
5. Tutela institucional
6. Tutela xudicial

Tema 3. A Lei 4/2015 do Estatuto da Vítima do Delito

1. Introducción
2. Previsións en materia de violencia de xénero
3. Análise da norma

Tema 4. Normativa e competencias autonómicas

1. Secretaría Xeral de Igualdade
2. Rede de información á muller
3. Texto Refundido da normativa en materia de igualdade, Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro

Tema 5. Normativa europea

1. Introducción
2. A Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea
3. Directiva 2012/29 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012
4. O Convenio de Istambul, do Consello de Europa, do 11 de maio de 2011



5. A orde europea de protección

Tema 6. Medidas administrativas de protección da muller que sofre violencia de xénero

1. Medidas estatais
2. Medidas en Galicia

Módulo 3. Dereito Penal

Tema 7. Delitos relacionados coa violencia de xénero

1. Introducción
2. O delito de maltrato de obra do artigo 153 CP
3. O tipo cualificado de lesións do artigo 148 CP
4. O delito de ameazas o artigo 171.4 CP
5. Delito de coaccións do artigo. 172.2 CP
6. O delito de acoso do artigo 172 ter
7. Estudo do artigo 173.2 do Código penal
8. Referencia ao delito de quebrantamento do artigo 468 CP
9. Delito de homicidio e asasinato
10. Delito de lesións. Artigo 149 CP. A mutilación xenital
11. O delito de falta de pagamento de pensións. Artigo 227 CP. A violencia económica
12. Descubrimento e revelación de segredos. Artigo 197.7 CP

Tema 8. Delitos leves no ámbito da violencia de xénero: Competencia e tipos

1. Competencia
2. Catálogo de delitos leves no ámbito da violencia de xénero

Tema 9. Circunstancias modificadoras da responsabilidade penal

1. Circunstancias atenuantes
2. Circunstancias agravantes
3. Circunstancia mixta de parentesco
4. Especial referencia á reforma do art. 22.4º CP

Módulo 4. Dereito Procesual

Tema 10. Os órganos xurisdicionais

1. Os Xulgados de Violencia sobre a Muller
2. Xulgados do Penal e Seccións especializadas da Audiencia Provincial

Tema 11. O proceso en materia de violencia de xénero

1. Xuízo rápido nos delitos relacionados coa violencia de xénero
2. A proba. Especial referencia ás declaracións

Tema 12. Medidas que poden acordarse para a protección da vítima

1. Elementos das medidas de protección
2. Enumeración e análise
3. A prisión provisional

Tema 13. A execución de sentenzas

1. Introducción
2. A suspensión da pena
3. Tratamento rehabilitador nos supostos de suspensión da pena privativa de liberdade
4. A pena de traballos en beneficio da comunidade
5. O cumprimento da pena de localización permanente
6. A intervención da vítima na fase de execución de sentenza

Módulo 5. A actuación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado

Tema 14. A protección policial

1. Introducción
2. Protocolos policiais
3. Protocolo FCSE-Avogados
4. Equipos e unidades das FCSE
5. Actuacións na fase de investigación policial
6. Recollida da denuncia e elaboración do atestado
7. Valoración do risco

Tema 15. Medidas policiais de protección en atención ao risco para a vítima

1. Tipos de risco
2. Plan de seguridade personalizado para cada vítima con medidas de autoprotección
3. Seguimento das medidas de afastamento
4. O servizo telefónico de atención e protección para a vítima

Módulo 6. Ámbito sanitario

Tema 16. Funcións e actuación do persoal sanitario

1. Introducción
2. Actuación en atención primaria e especializada
3. Actuación en atención de urxencias
4. Actuación ante agresións sexuais
5. Parte de lesións e informe médico

Tema 17. Metodoloxía da valoración médico-forense

1. Funcións e actuación médico-forense
2. Fontes de información
3. Valoración baseada nun xuízo clínico estruturado



4. Probas complementarias
5. Valoración médico-forense do risco de violencia de xénero
6. Emisión do informe médico-forense

Tema 18. Aspectos éticos e legais

1. Introducción
2. Aspectos legais
3. Principios éticos que deben guiar a actuación profesional
4. Dilemas éticos

Módulo 7. Psicoloxía

Tema 19. Dimensión psicolóxica da violencia de xénero

1. Estudo da violencia de xénero desde unha perspectiva psicosocial
2. Vínculos entre o maltratador e a vítima
3. O ciclo da violencia de xénero: Descricións e fases
4. Percepción social

Tema 20. A violencia psicolóxica

1. Introducción
2. A violencia psicolóxica no contexto da violencia sobre a muller
3. Acoso e ciberacoso
4. Consecuencias e secuelas psicolóxicas
5. Sobre o maltratador e o seu comportamento violento
6. Aspectos psicolóxicos da atención profesional á vítima

Módulo 8. Actuación letrada

Tema 21. Principios xerais

1. LexArtis e protocolos de intervención profesional
2. A responsabilidade do avogado/a
3. Dereito da vítima de violencia de xénero á asistencia xurídica gratuíta
4. Actuación práctica do avogado de vítimas de violencia de xénero
5. Lei e regulamento de asistencia xurídica gratuíta

Tema 22. A atención á vítima

1. Introducción
2. A vitimización secundaria
3. Asunción do asunto e intervención profesional
4. A consulta ou entrevista
5. O asesoramento á vítima

Tema 23. A declaración da vítima e a exploración do menor

1. Introducción
2. A declaración da vítima
3. A exploración de menores en fase de instrución

Tema 24. Dereitos da vítima na fase de axuizamento

1. Introducción
2. Dereitos das vítimas antes do día do xuízo
3. Dereitos das vítimas o día do xuízo

Tema 25. Fase de execución de sentenza

1. Introducción
2. Dereito da vítima a recibir as notificacións
3. Pena de prisión
4. Pena de localización permanente
5. Suspensión da execución das penas privativas de liberdade
6. Penas de prohibición de aproximación á vítima e lugares con ela relacionados
7. Medidas de seguridade
8. Pronunciamentos sobre responsabilidade civil
9. Taxación de custas

Módulo 9. A trata de seres humanos

Tema 26. Introducción

1. Introducción
2. Marco normativo
3. A trata como lacra global
4. Delimitación do concepto de trata e figuras afíns
5. Fases do proceso de trata

Tema 27. Datos e modalidades de trata de seres humanos

1. Introducción
2. A trata en cifras
3. A trata en España
3. Trata de seres humanos e violencia de xénero
4. Países máis vulnerables á trata de persoas
5. Perfil da vítima
6. A trata con fins de mendicidade
7. A trata con fins de explotación laboral
8. A trata con fins de extracción e comercialización de órganos
9. A trata de mulleres e nenas con fins de matrimonios forzados



Tema 28. Intervención en procedementos relacionados coa trata

1. Introducción
2. Intervención con ocasión infracción das normas sobre estranxeiría
3. Asistencia letrada con motivo dun procedemento penal
4. Entidades especializadas na detección e a protección de vítimas de trata

Tema 29. A trata no Código Penal español: Art. 77 bis

1. Ben xurídico protexido
2. Tipo básico. Artigo 177 bis
3. Tipos cualificados
4. Responsabilidade penal das persoas xurídicas
5. Actos preparatorios punibles
6. Concurso de delitos
7. Reincidencia internacional
8. Escusa absoluta para a vítima de trata de seres humanos

Módulo 10. Familia e menores

Tema 30. A competencia civil dos xulgados de violencia sobre a muller

1. Requisitos
2. Ámbito material e subxectivo
3. Procedemento civil ante os xulgados de violencia sobre a muller
4. Cuestións sobre competencia
5. Vixencia da competencia

Tema 31. O réxime do coidado do menor nos procesos de familia seguidos ante o Xulgado de Violencia sobre a Muller

1. A prohibición da garda e custodia compartida no ámbito estatal e autonómico
2. A suspensión do réxime de visitas do proxenitor condenado por delitos de violencia de xénero
3. O exercicio conxunto da patria potestade trala medida de prohibición de comunicación e achegamento

Tema 32. Os menores ante a violencia de xénero

1. Parentalidade
2. O menor nas situacións de violencia de xénero

Tema 33. Aspecto do Dereito Internacional privado

1. Competencia
2. Lei aplicable
3. Recoñecemento